



Obxectivo e descrición

Esta campaña dirixida á mocidade ten como finalidade promover a sensibilización sobre o uso da máscara cando compartimos espazos con outras persoas coas que non convivimos e non podemos manter a distancia de seguridade. Non é o único elemento preventivo fronte á pandemia COVID-19 pero é moi importante para evitar os contaxios e que se siga propagando.

Quérese reforzar o traballo que estamos a realizar entre todos e todas poñendo en valor os esforzos que cada un e cada unha de nós fai no seu día a día para protexer ás demais persoas, a todas e cada unha. Persoas que son importantes nas nosas vidas e ás que queremos protexer de xeito que se cada persoa cumpre as normas pensando nas súas persoas máis próximas e máis queridas entón seremos moitas as persoas que estamos loitando contra esta pandemia, día a día.

Como participar

1º PASO: Grava un vídeo:

Características:

- máximo 3 minutos.
- gravado en horizontal.

Preferente en formato de vídeo 1920x1080.

Contido:

Comezade o vídeo coa frase EU POÑO A MÁSCARA POR "nome da persoa á que queredes protexer" e completade o contido do vídeo respondendo as preguntas:

- Quen é a persoa a quen queres protexer?
- Por que esa persoa é importante para ti?
- Por que debes protexela da COVID-19?

Rematade o vídeo coa frase:

Eu son unha Heroína / Heroe con máscara!

2º PASO: Inscríbete

- Inscríbete na web cumprimentando o formulario. <https://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/progr/amas-xuventude/heroes-e-heroínas-1>

3º PASO: Sube o vídeo:

- **Opción 1:** Sube o vídeo a túa canle de Youtube e envíanos a URL
- **Opción 2:** Envíanos o vídeo ó Whatsapp da OMIX +34 638 82 28 68

Quen pode participar ?

Requisitos:

- Mozos e mozas de 10 a 35 anos empadroados/as no Concello de Soutomaior.
- Tamén poderán participar persoas non empadroadas que sexa alumnado das Escolas Municipais de Debuxo e Pintura, Teatro, bailes latinos, danza do ventre.

No caso de ser menores de idade ó inscribirte será necesaria autorización de teu pai/nai/representante legal.

Se participo, que pasa?

- Formarás parte da rede de Heroes e heroínas con máscara.
- Recibirás na túa casa a túa MÁSCARA PERSONALIZADA CO LOGO da campaña.
- Entrarás no SORTEO de 2 ORDENADORES PORTÁTILES.

Como se realizará o sorteo dos ordenadores?

Pechado o prazo de inscrición publicarase a lista de participantes e o día, hora e lugar da data do sorteo nas redes sociais do Concello de Soutomaior e nas súas web:

- <https://www.soutomaior.gal/gal/>
- <https://www.gabinetesoutomaior.com/>

O día do sorteo. Comezarase por introducir todos os nomes das persoas que participaron dentro dunha urna e logo iranse sacando os papeis en función do número de premios. Sacaranse 5 nomes a maiores que formarán parte da lista de agarda por se algunha das persoas gañadoras non cumpre os requisitos de idade ou de identidade.

O procedemento de sorteo farase en presenza de empregados/as públicos do Concello de Soutomaior que garantan a transparencia do resultado do concurso e como proba disto emitirase unha acta ao finalizar asinada por todas as persoas presentes cuxo resultado será inalterable.

Todo o proceso de sorteo gravarase e estará colgado nas páxinas web do Concello anteriormente citadas para que se poida seguir consultando durante os 5 días hábiles posteriores á data de realización do sorteo.

Cando finalice o sorteo porémonos en contacto coas persoas gañadoras para que acrediten a súa idade presentando o seu DNI (NIE ou documento que acredite a súa identidade e idade) co fin tamén de cotexar que efectivamente existe esa persoa e que non se suplantan nin inventan identidades e que as idades entran en concurso. Si todo está correcto entregaráse o premio.

Establécese un prazo de cinco (5) días naturais desde a data da concesión do premio, para efectuar calquera reclamación motivada.

O gañador ou gañadora dispón de cinco (5) días naturais desde a data na que se lle comunique que é a persoa gañadora para facilitar os datos necesarios para o envío do premio. Unha vez superado ese tempo, sen obterse resposta, o Concello de Soutomaior resérvase o dereito de entregar os premios a outra das persoas suplentes.

**AS PERSOAS QUE PARTICIPAN NESTA INICIATIVA
ACEPTAN INTEGRAMENTE ESTAS BASES**



Datos de participación

O prazo de participación será **desde 23 de novembro ata o 18 de decembro de 2020.**

Admitiranse a sorteo soamente os vídeos presentados durante este tempo.

Observacións importantes

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito a retirar calquera publicación que se considere atenta contra a dignidade das persoas así como calquera comentario que sexa ofensivo, discriminatorio ou que atente contra a filosofía e obxectivos da campaña. O Concello de Soutomaior resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases en función das modificacións que poidan ser necesarias tendo en conta as limitacións legais derivadas pola COVID-19, sempre e cando non prexudiquen ou menoscaben os dereitos das persoas participantes na campaña.